



O FARELO

Nº15
Marzo de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Feria da Carne
ao Caldeiro en
Castro
Carballedo



Páxina IV

XXXVI Feira
do Viño de
Quiroga



Páxina V

Chus Pato,
Premio Clara
Campoamor á
igualdade de
oportunidades



Páxina VIII

150.000 euros
para pintar as
fachadas da
cidade histórica
de Santiago



Páxina IX

Levada Libre
reivindica a
Memoria
Histórica



Páxinas XV

36 Feira do
Viño de
Chantada



Páxina XXI



Especial con viñetas de
diferentes humoristas
en homenaxe ao
recentemente falecido
Antonio Fraguas,

Forges

Elena Ospina, Xaquín Marín,
Tokio, Maitirena, Hermanager,
Asier y Javier, Toni Savski,
Xosé Manuel, Gio, Félix Ronda,
Ignacio Hortas.

Páxinas XII e XIII

Entrevista



Anxo Angueira
Presidente da Fundación Rosalía de Castro

“Nunca houbo desafección
das autoridades á figura de
Rosalía”

Páxina VII



Opinión

Rafael José Adalid Rodríguez

Os paralelismos coa mitoloxía grecorromana das augas.

Se ben cómpre recorrer á escrita para ler os diversos relatos gregos e romanos, non deixemos de lado ó refuxio ineludible que a súa tradición oral gardou durante tempo.

Narracións como a *Iliada*, a *Odisea*, a *Teogonía*... de gran popularidade e sona ó longo do tempo e na actualidade, seguen a ser perfectamente recoñecibles miles de anos despois e polo tanto, tamén a maioría dos seus personaxes. Estas obras e outros acontecementos que perduran do seu eido cultural, conseguiron pasar á fonte audiovisual en forma de películas, debuxos, documentais...

En primeiro lugar destacar que as fábulas, lendas e mitos gardaban unha función educativa e instrutiva. Sobre todo no ámbito escolar, como na antiga Grecia e Roma, onde campos como a lectura e a recitación de poemas (como a *Iliada* e a *Odisea*) eran traballados na escola, tamén as fábulas de Esopo.

Sobre a influencia e o contacto de Galicia con estes pobos, apuntaremos que non só se evidencian no ámbito lingüístico, tamén nos restos materiais que perduran: ánforas, campamentos,



Festa do Esquecemento en Xinzo de Limia.

cipos, dolmens... pondo de manifesto ese contacto levado a cabo tanto por terra como por mar.

Como tradición aludida ó seu paso, chegada e invasión romana consérvase a festa do esquecemento en Xinzo de

Limia. Acto festivo que conmemora o paso de Décimo Xuño Bruto e as súas tropas, compostas por soldados que crían que ó cruzar o río Lethes, perderían a memoria. Bruto, sendo o primeiro en cruzar, demostraría a falsidade entorno a esa crenza, quizais provocada pola equiparación do río Lethes co Leteo grego.

Nesta narración que acabamos de ver, asistimos á contemplación imaxinada do toque máxico da auga, capaz de instaurar o esquecemento. Atendendo á nosa comunidade, en paralelo co maxín e as propiedades deste elemento da natureza, aludiremos á capacidade sanadora deste. Un exemplo móstranos a través das termas: Á par que na actualidade, os romanos xa crían nas propiedades mineromedicinais das augas, chegando a expandilo incluso ó longo do noso territorio, unha mostra atopámola en Bande, no campamento romano de Aquis Querquennis.

Nomeable é, que contan con zonas acuíferas ligadas ó inferno ou inframundo, como o río Aqueronte. Mentres, na nosa terra, atopamos diversas historias sobre pozos que comunican,

ríos e outros como lugar de escape de certas figuras cara ese lugar...

Seguindo con esta equiparación, contaban con historias que explican elementos xurdidos entorno a esas zonas acuíferas, igual que as innumerábeis do noso territorio. Mesmo veneracións e festividades ó redor das augas, como as Fontinales, festas romanas na honra das ninfas das fontes, acción emulada na actualidade ás de Galicia, sendo neste último caso a gran maioría de corte católica.

Os personaxes mitolóxicos que se repiten nun lado e noutro, son claros cando falamos de Sereas, Xigantes, Monstros mariños... incluso en certos aspectos algúns personaxes se poden parecer ás nosas, como as Ninfas.

Cando se elabora un repaso á miscelánea cultural dun pobo, non só se aprende entorno a este. Permítenos comprender e entender esas sociedades pasadas, así como dar lugar a equiparacións para coñecer en profundidade a propia.



Daniel Lago Leirós

O Alcalde dança!

Pois sim, vivemos numa cidade onde o nosso alcade dança. Dança de dia e dança de noite. Não é que ele seja um bom bailarador, mas ele é a dançar em cada ocasião que pode. Festas, eventos e romarias variadas, nelas todas o nosso alcade dança.

Esta bem isso de dançar, é sintoma de alegria e de vitalidade. É uma coisa a agradecer que temos toda a cidadania para este alcade dançador e que transmite uma grande esperança por viver neste Vigo. A mim sempre

me tira um sorriso com os seus bailes e as suas danças.

Nalgumas tribos africanas o líder também dança. E dança por muitos motivos, aliás o mais comum é ter aos deuses da sua parte. O nosso alcade não dança mais que por outro motivo que é que ele pode. O nosso alcade dança como uma parte mais do seu rito de acasalamento com a sua cidadania. Não faz mal, sempre é sexo consentido.

Vigo, que dançou anos com os ritmos de "Sinistro Total", "Os Resentidos"

e "Golpes Bajos" desde os anos da movida nos anos 80's do século XX agora segue o ritmo da desapareição cultural. A cultura normalmente é contra-poder, e isso, nestes tempos está vetado. Agora o ritmo é o de um Vigo a morrer no cultural, com uma oferta em museus desfeita de todo e que já anuncia o seu colapso final com a desapareição do MARCO.

Vigo sem bibliotecas, Vigo sem museus, Vigo sem cultura. Total, para quê? Todos dançamos a música que baila o nosso alcade. Assim passamos a ser uma cidade; que no tempo foi centro de criação e de iniciativa cultural,

onde nasceram editoriais hoje fulcrais no espaço do galeguismo como "Xerais" ou "Galaxia"; a uma cidade onde o alcade dança e a cidadania todo vai em cinta transportadora.

Abandonamos toda esperança, aquele "Por um Vigo melhor" do alcade Soto, passou a ser "Vivemos numa cidade fermosa", estamos já na política dos factos consumados. Se já é fermosa, não há nada a fazer, já temos o caminho andado, unicamente resta pois dançar e dançar!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo - Vale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Peregrinando pelo Alto Minho

Bom dia amigos...!!!

Eu vou comear este espao oferecido pelas Novas do EIXO ATLANTICO fazendo-lhes um singular convite e contando entao com vossa inestimavel amizade e companhia, vamos vagabundear juntos a volta de O Girosc3pio para desvendar em forma cultural, religiosa, hist3rica, desportiva e turisticamente tamb3m, as Arquivoltas do Caminho Portugu3s de Santiago.

E digo Vagabundear pois; isso foi intrinsecamente o que Eu fiz nos 3ltimos vinte e cinco anos desde que sai da Patag3nia Argentina para chegar ao Minho por primeira vez ate que muito em breve, poder3o todos – Deus mediante – ver reflexado nas m3ltiplas paginas do Livro A PEREGRINA ERRANTE todas minhas andadas, portanto agora posso confessar a v3cs que tem hoje a prim3cia exclusiva de encon-



Escuteiros Italianos em Fontoura

sitado de Europa logo do Caminho Franc3s.

De facto, as Estadisticas emanadas desde a pr3pria Oficina do Peregrino em Santiago de Compostela assim o acreditam e surpreendentemente c3 nos encontramos que os caminhantes, turigrinos e bicigrinos que peregrinaram de diferentes formas pelas terras

passando assim por Ponte de Lima, Rubi3es, Fontoura e Cerdal ate Valen3a que dito seja de passo, resulta ser uns dos mais interessantes roteiros de peregrina33o minhota desde o aspeto cultural, religioso e hist3rico.

Falando disso os peregrinos tem a fascinante possibilidade de viver experiencias 3nicas no meio do paisagem agreste, onde podem atopasse com veados, raposas e zorros junto a inigual3vel vegeta33o silvestre, pois v3rios dos tramos submergem-se numas verdejantes Aldeias Rurais com a t3pica agricultura minhota, convidando a todos os peregrinos a desfrutar do conv3vio com as sorridentes lavradeiras e lavradores que trabalham nos campos, fazendo-se tamb3m irrep3t3veis Selfies j3 montado nos tratores ou entre meios das cabras, ovelhas, vacas, cavalos e aves domesticas que se encontram a saltitar livremente no meio dos caminhos.

Considerando que o Caminho Portugu3s de Santiago tem uma carga realmente admir3vel desde o ponto de vista hist3rico, bem podemos assegurar que neste percurso geogr3fico que percorre esta aben33ada Terra do Minho h3 muitas Capelas Medievais, Igrejas, Castelos e Casas Quintas Fidalgas, onde oportunamente pernoi-

taram os antigos personagens do Reino de Portugal e Galiza, alem de Reis e Rainhas, Condes, Viscondes e Viscondessas ou renomeados Pol3ticos e Presidentes de diferentes pa3ses dos cinco continentes.

Mais, a dizer verdade n3o devemos esquecermos que Portugal tem j3 tr3s percursos bem delimitados desde o extremo Sul ate o Norte do Pais os quais podem ser muito interessantes desde o ponto de vista geogr3fico e turistico, onde pode se degustar aprazivelmente exquisitos manjares com deliciosas iguarias gastron3micas, ex3ticos frutos e vinhos das melhores castas.

Alem disso, tamb3m resultam muito atrativos estes diferentes tramos e trilhos de peregrina33o mundial para se reencontrarem com os m3gicos paisagens de m3ltiplos cores entre a montanha e serra ou nos silenciosos e cristalinos rios e a beira das maresias bravas da costa portuguesa, iluminadas com suas impressionantes noites de lua clara.

Assim mesmo podemos reconhecer que o Caminho e Ida e volta, portanto as Setas Azuis e Amarelas que se entrecruzam nas ambas beiras do Rio Minho, amostam uma clara uni33o de amizade e camaradaria entre Espanha e Portugal, tanto seja desde a simbologia religiosa como a cultural e turistica, pelo que a ideia de peregrinar a Santiago ou a F3tima resulta ser muito favor3vel e propicio



para os dois povos irm3os, pois nos caminhos existem infinitas oportunidades j3 que se presup3e que cada peregrino gasta uma meia di3ria de € 40.- e muitos conterr3neos s3o os que se beneficiam com esta grande aflu3ncia de pessoas que nos visitam agraciadamente vindas dos cinco continentes.

Em fim, olhando no Ordenador que j3 se terminou o espao livre de hoje, os convido agora para continuar andando na procura de uma vida harmoniosa cheia de alegria e com muito amor aproveitando entao este momento para vos relembrar que Portugal tem tr3s Pontos de Interesse Patrimonial no que toda a gente pode estar com um p3 c3 e outro l3, assim nos encontraremos andando sempre no Caminho da Prata ou Sanabr3s, no Caminho da Costa e no Caminho Central, portanto s3 queda dizer como Jo33 Manuel Serrat Caminhante n3o h3 caminho... se faz caminho ao andar e assim andando, vamos cumprimentar finalmente a todas as integrantes do sexo d3bil desejando lhes um FELIZ DIA DA MULHER.

Bom caminho...!!!



Albergue de Peregrinos Ponte de Lima

trar-me, neste coloquial Jornal da Raia Minhota, escrito familiarmente na l3ngua original de os meus ancestrais galai-co-portugueses.

E para aqueles que nunca fizeram o Caminho Portugu3s de Santiago, vou comentar-lhes que esta antiga Via Lusitana resultou ser nos 3ltimos anos o Itiner3rio de Peregrina33o a Compostela mais tran-

lusitanas ate o Sepulcro do Ap3stolo em Galiza, foram corretamente registrados numa meia de 50.000 homens e mulheres no ultimo ano, provenientes todos eles de infinitos cantos do mundo, alem de Espanha e Portugal.

Evidentemente o percurso de maior movimentat33o de sempre, corresponde ao Caminho Central que sai de Braga,



Caminho Portugues de Santiago Valen3a do Minho

Castro de Carballedo promocionará en abril a súa afamada carne

Castro de Carballedo celebrará o domingo 8 de abril a XVIII edición da Festa da Carne ó Caldeiro para seguir promocionando os produtos da zona. Nesta festa pódese degustar á afamada carne preparada tanto ó caldeiro como richada, ademais do polbo á feira. Durante toda xornada haberá exposicións de arte-

sanía, venda de produtos da zona tales como viño, pan e queixos. A programación inclúe actuacións folclóricas e xogos para nenos. Os días 17 e 29 de cada mes celebranse as feiras mensuais.

Neste Concello de Carballedo está situado o Castro da Cova, un asentamento castrexo de forma irregular na parroquia de San Xoán da

Cova. A un quilómetro aproximadamente está o chamado Castriño de Papelle, de menores dimensións pero probablemente fose ó auténtico asentamento, mentres que este de A Cova fose un lugar para a vixilancia polas súas magníficas vistas e situación sobre o río Miño.

Lendas

Existen dúas lendas sobre



Na praza de Castro instaláranse os postos de produtos da comarca.

este lugar, unha delas fai referencia a unha gran serpe que se ocultaba na chamada “Cova da serpe”, que estaba entre o Castro e o monte da Pastoriza por onde antigamente pasaba o camiño que levaba ata Castro de Carballedo. O parecer un día unha tecedeira de Vilaquinte baixaba cara Papelle, sen saber da existencia deste animal, ata que topa con el de fronte. Sen saber ven que facer lánzalle os novelos de lá quedándose coas puntas na man, de xeito que cando á enorme serpe estaba xa cerca dela, tira das puntas e afoga á serpe.

A outra lenda fai refe-

rencia ós mouros. Certo día un veciño que ía a feira de Castro de Carballedo, atopouse á altura do Castro cun home que ó acompañou ata a feira. Despois de comeren viñéronse de novo cara Papelle, pero o veciño deste lugar viña algo temeroso, xa que o seu acompañante non se atopara con ningún coñecido na feira, pero tampouco se atrevía a preguntarlle de onde era. Cando ía máis pensativo no asunto, deuse conta de que o seu acompañante xa desaparecerá. Correndo chegou a casa é contoulle ó acontecido á muller, e xuntos rezaron pola sorte que tivera, xa que o acompañante segundo contaban era un mouro dos que habitan este castro.



Neste edificio cultural abríranse exposicións.

Quiroga celebra en Pascua a XXXVI Feira de Viño

Quiroga (Lugo) celebra os días 31 de marzo e 1 de abril a XXXVI edición da Feira do Viño. O municipio de Quiroga, berce de excelentes viños, combina un fértil val, bañado polo río Sil, coa paisaxe de montaña da Serra do Courel, coroada polo cume de Pía Paxaro cunha altura máxima de 1.610 metros.

No mes de marzo haberá cata de viños participantes na feira, concurso de camisetas, competicións deportivas, teatro, bailes, clases de pintura, conta contos en inglés, conmemoración do Día internacional da Muller Traballadora, celebración do Día da Poesía e a VII edición de Quiroga de Tapas. O día 30 será a XIII carreira popular Feira do Viño, organizada pola área de deportes do Concello.

Estas terras xa foron cobizadas polos romanos. A procura de ouro levoulles a desviar o curso natural do río e construír no século II o "Túnel de Montefurado", unha gran obra de 400 metros de longo. No século XIX foi aumentado para o trazado do ferrocarril e a N-120. O patrimonio histórico artístico destas terras é variado. Da época megalítica destacan as construcións de Quinta de Lor e Vilar de Lor. Na igrexa da nosa Señora dos Remedios na parroquia da Ermida, foi

achada unha importante peza paleocristiana (Crismán de Quiroga), depositada no Museo provincial. En Sequeiros consérvase o Castelo de Encomenda, con Torres Novaes. Destacan tamén as igrexas de san Juan do Hospital e a barroca de Montefurado.

A variedade de paisaxes de Quiroga brinda un gran abanico de opcións para gozar do tempo libre: caza, pesca nos cotos do Lor, sendeirismo, parapente e espeleología. Os miradoiros de Castro de Ares, A Conchada e Augasmestas permiten gozar da natureza, así como as vistas panorámicas desde o Alto do Boi, Formigueiros e Pía Paxaro.

Turismo e festas

A cabeceira de comarca, Quiroga, engloba unha ampla actividade económica, como centro comercial e industrial (explotación de lousas). Pero sen dúbida destaca pola produción de excelentes viños-citados xa no século XVIII- e de aceite. O microclima do val de Quiroga permite o desenvolvemento da oliveira. A abundancia de oliva levou á construción de numerosos muíños de aceite, que se conservan grazas a un importante labor de restauración.

Imprescindibles son as visitas ao Monte Furado, a nosa Señora de Os Remedios (A Ermida), castelo de Encomenda

Juan do Hospital. Merece a pena visitar a aldea de Iarbacú, templo románico de San Clodio, a Cruz de Outeiro e o río Lor. Polos arredores

están: A Rúa, O barco de Valdeorras, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Castro Caldelas e A Pobra de Trives.

As festas máis destacadas

no municipio son: a Semana do Mel (en agosto); a Festa do Viño (en abril); San Martiño (en novembro) e a Festa dos Remedios (8 de setembro).



Opinión

Issac Estraviz, toda uma vida dedicada às palavras

Por **José PAZ RODRIGUES** (Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

Nascido faz 83 anos na Vila-Seca limiana, da que sempre se orgulha, Isaac Estraviz leva toda uma vida dedicada à promoção da nossa língua galega internacional. Contar com a sua amizade é para nós uma grande honra. Por infinidade de motivos que contaremos a seguir. Consideramos ao professor Estraviz como o melhor lexicógrafo que temos os galegos. Autor dos melhores dicionários do nosso idioma, hoje o que tem na rede internetiana é o mais consultado, não só por galegos, senão também por cidadãos dos países lusófonos dos cinco continentes. Por exemplo, na Índia é muito conhecido e consultado pelos professores de galego-português Rita Sil da Universidade Iadavpur de Kolkata, Sovon Sanyal da Nehru de Delhi e Dilip Luondo da de Goa, na actualidade exercendo a docência na Universidade de Juiz de Fora (Brasil). O que podemos comprovar facilmente por morar na Índia, na localidade tagoreana de Santiniketon, desde 2010, períodos de seis meses, entre outubro e abril de cada ano. Sabemos que também o Dicionário e-Estraviz é consultado muito a diário por intelectuais e estudantes do Brasil, outro grande país no que a nossa língua é oficial.

O grande amor que Isaac desde sempre tem pelo nosso idioma secular

levou-no a receber também representações. Depois de levar doze anos no mosteiro cisterciense de Osseira, por culpa do seu galeguismo teve que marchar do mesmo e deixar a Ordem cisterciense. Nunca se dobregou neste tema de defesa do galego. Récio como um carvalho dos nossos, manteve sempre em pé este amor para a língua. Como professor de secundária em A Rua de Val de Orras, logo em outros centros galegos e fi-



nalmente no Otero Pedraio ourensano, o seu labor docente foi sempre modelico e exemplar. Criando nos estudantes amor e aprício pela língua galega. Isto podem testemunhá-lo todos os seus alunos e alunas. Mais tarde na Universidade de Vigo sempre



foi avaliado pelos seus discentes como o melhor docente que tinham. Na disciplina de Didática da Língua Galega, porque, de forma injusta e imoral, os denominados «oficialistas» (defensores da norma isolacionista castelhana), nunca lhe deixaram explicar língua galega, com Ramóm Lourenzo de censor à cabeça.

Viajar com Estraviz pela Nossa Terra, ou pela Galiza Sul, que é Portugal, é um verdadeiro prazer. O tempo ao seu lado pássa-se-nos sem dar-nos conta. É tal a sua sabedoria lingüística, a sua memória prodigiosa, lembrando palavras e palavras galegas, topónimos, nomes de elementos da natureza, plantas, animais, flores...que também nos fomenta em nós o amor pelo léxico. Qualquer dúvida é esclarecida de imediato por ele. Em Portugal admiram-no e aprécia-no de forma singular e merecida. Na Galiza apreciámo-lo muitos e valoramos o seu amor pela Terra e pela Língua. Mas também tem detratores, como aqueles que estão cheios de preconceitos, apriorismos e invejas. Destaca assim mesmo Estraviz pelo seu dinamismo, a sua vitalidade, o seu entusiasmo, o seu trabalho e esforços, a sua alegria e o seu amor por Galiza. Pela língua galega sempre está disposto a trabalhar de graça. Tal é o seu amor por ela. Tem publicado estudos sobre Eugénio de Castro, e, em colaboração com Eloísa Álvarez da Universidade de Coímbra, sob o título de Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoães: Epistolário, Edições do Castro-Sada publicou um

livro seu no ano 2000. E há pouco tempo que Bernardo Penabade coordenou um livro intitulado Conversas com Isaac Estraviz, que publicou a Através Editora da AGAL, do que recomendamos a sua leitura. Seria muito interessante também reeditar o seu livro Contos com revira-volta, publicado no seu dia na coleção O Moucho. Em 2011 a Fundação «Meendinho», da que é membro da sua junta reitora, publicou-lhe o livro Santos Júnior e os Intelectuais Galegos, com apoio da Câmara Municipal e a Deputação de Ourense.

No ano 1986, representando a Ernesto Guerra da Cal, formou parte da delegação galega que participou na Academia de Letras de Rio de Janeiro no Encontro sobre a Unificação Ortográfica da Língua Portuguesa. No ano seguinte publicou em Alhena os seus Estudos Filológicos Galego-Portugueses. Na actualidade é académico da AGLP (Academia Galega da Língua Portuguesa) e da AGAL (Associação Galega da Língua), das que no seu dia foi vicepresidente. Durante muitos anos participou na comissão organizadora e colaborou como ponente nas Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal, celebradas durante 32 anos em Ourense e outras localidades. Foi ponente também das Jornadas de Didática da Língua Galega, organizadas pela AGAL e a ASPGP, em Alhariz e em Ourense.

Participou em numerosas obras coletivas e publicou infinidade de artigos nas revistas Agália, O Ensino, Cadernos do Povo, Temas de O Ensino e na Nós das Irmandades da Fala. Resulta muito difícil entender como as instituições públicas galegas não têm reconhecido ainda o seu grande labor educativo e cultural.



Isaac Estraviz com gentes da Limia

Por Moncho Mariño

Anxo Angueira Presidente da Fundación Rosalía de Castro

“Nunca houbo desafección das autoridades á figura de Rosalía”

Anxo Angueira (Dodro, 1961) leva seis anos á fronte da Fundación Rosalía de Castro. A súa presidencia está marcada polos acordos e investimentos das administracións públicas tanto na fundación como do padroado. O obxectivo é ter aquela a Casa Museo de Rosalía de Castro logo de tempo sen que se fixesen obras de restauración. Por outra banda, a incorporación ás redes sociais, así como a dixitalización de parte do patrimonio escrito, están actualizando unha institución que reclamaba a súa incorporación aos tempos actuais. Por outra parte, o patrimonio material aumentou grazas ás aportación de entes públicos. O mesmo Anxo Angueira fala con NEA sobre estes e outros puntos.

-Nos últimos sete anos a Fundación levou adiante unha serei de reformas. Que impediu afrontar os traballos ata o momento?

Seguramente a falta dun proxecto para traballar na restauración e ampliación da Fundación.

-Cales eran as necesidades máis imperiosas?

Cando accedín á presidencia era fundamental afrontar a conservación da Casa Museo e a rehabilitación interior e tamén a actualización do discurso expositivo. Era urxente.

-Outra tarefa acometida é a de dixitalizar os fondos da Fundación. Estes traballos están rematados?

Nese tema foi fundamental recuperar o arquivo da Fundación. Non estaba ordenado, nin en bo estado, o arquivo histórico quero dicir. Eran moitos papeis, documentos e era necesaria a ordenación de todo este patrimonio. Foi un traballo sucinto porque todo estaba desordenado e sen catalogar. Agora si que estamos en proceso de dixitalizar parte deste material. Non todo porque é moitísimo pero si unha parte.

-Parte dos fondos para a rehabilitación foron aportados por organismos públicos. Houbo desafección pola figura de Rosalía e o que representaba para non ter participado con anterioridade?

Non, nunca houbo desafección por

parte das autoridades de cara á figura de Rosalía. As principais institucións que colaboran son a Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, os concellos de Padrón e Compostela. Nunca houbo desatención, pero si houbo un momento histórico no que esas axudas eran moi escasas para manter viva a Fundación.

-O ano pasado a Deputación da Coruña entregou tres cadros do fillo de Rosalía, Ovidio, para seren expostos na casa museo.

Claro, é que outra cousa á parte dos ingresos económicos está a protección e colaboración a outro nivel. No caso da Deputación foi magnífica a colaboración que esta institución mantivo coa Casa, porque? Porque nos cedeu fondos que gardaba e custodiaba a Deputación relacionados con Rosalía e a familia. Fondos como o cadro de Brocos, que nos deu hai anos, ou o guedecho de pelo ou os cadros de Ovidio Murguía. Isto enriquece o noso patrimonio expositivo.

-A Fundación está presente nas redes sociais, pero poderíase mellorar dita presenza?

Un dos grandes avances que fixemos foi a nosa política de comunicación desde que asumín a presidencia. Creo que foi un avance moi grande para comezar a difundir a nosa actividade das redes sociais. Nese sentido estamos moi contentos, temos unha web



Anxo Angueira (foto Adrián Estevez)

nova, temos seguidores no Twitter e Facebook. Son fiestras magníficas a través das que se pode observar a nosa realidade e a nosa proxección social. Así que nese sentido, penso que pouco máis podemos facer.

-A presenza de Rosalía de Castro está diluída ou é máis forte dentro da literatura galega contemporánea?

O peso de Rosalía é extraordinario na Galicia contemporánea. É unha figura viva e sobre a que non pasou o tempo dun xeito que deteriorase a súa figura. Ao contrario, Rosalía mellorou co paso do tempo, sendo unha figura viva na escola, na academia, no mundo do asociacionismo e noutros campos. Non fai falta máis que ver como arredor do Día de Rosalía de Castro, está habendo un remuíño de actividades. Nós desde aquí estamos

lanzando unha que ten moi boa acollida que é O Caldo de Gloria.

-Que outras actividades nos esperan neste ano?

O do Día de Rosalía é algo fundamental. Nós tamén imos presentar tamén o número dous da revista Follas Novas, que é anual. Seguiremos facendo os Encontros na Casa de Rosalía de Castro agora en marzo, e nese mesmo mes celebraremos o Día da Muller Traballadora cun acto especial. Arredor do 17 de maio, Día das Letras Galegas teremos tamén actividades e o 15 de xullo, día do pasamento de Rosalía nesta casa, facemos un acto na horta e non deixaremos de facer a homenaxe do mundo do mar á poeta navegando en dorna polo río ata chegar á estatua de Rosalía no Espolón. Non faltan actividades para esta fundación.

Galicia

A poeta ourensá Chus Pato, Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades 2018

O xurado da edición número 12 do Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades acordou por unanimidade concederlle o premio a María Jesús Pato Díaz, profesora de Ensino Secundario, feminista, escritora, integrante da Real Academia Galega e unha das figuras máis relevantes e vangardistas da poesía galega actual.

O xurado subliña no seu fallo que o traballo de Chus Pato “é recoñecido máis alá das nosas fronteiras, sendo traducida a súa poesía ao español, ao inglés, ao portugués, ao serbio, ao polaco, ao alemán, ao italiano, e ao árabe, entre outros, polo que a súa presenza está en todas as antoloxías internacionais”, segundo recolle a acta.

O xurado estaba formado por: Sofía Godoy Gómez-Franqueira, concelleira de Igualdade; M^a Elena de Jesús Rodríguez, directora do CIMM; M^a Elena Paz Álvarez, en representación do Consello Municipal de Igualdade; M^a Luísa Rodríguez Arias, en representación da Comisión de investigación e seguemento da violencia exercida contra as mulleres; M^a Luz Villar Otón, escritora e dramaturga, en representación do ámbito sociocultural ourensán; M^a Jesús



O xurado reunido na concellería de Igualdade de Ourense.

Vázquez Fernández, xefa de negociado da Concellería de Igualdade, actuando como secretaria.

Chus Pato

A obra de Chus Pato (Ourense, 1955) está recoñecida como unha das poéticas máis persoais e vangardistas da literatura actual. A súa é unha voz renovadora e rupturista que se caracteriza tamén por un fondo compromiso ético.

Recoñecida internacionalmente, foi traducida ao español, inglés, portugués, serbio, polaco, alemán, italiano ou árabe clásico, entre outros idiomas, e está presente en prestixiosas antoloxías internacionais.

Os versos de Secesión (2009), lidos na súa propia voz son, desde 2015, os primeiros en lingua galega que

forman parte dos fondos sonoros da Woodberry Poetry Room da Universidade de Harvard. A autora foi tamén convidada aos festivais internacionais de poesía de Barcelona, Rosario, La Habana, Bos Aires, Bratislava ou Rotterdam.

Chus Pato ten recibido galardóns tan importantes como o Premio Losada Diéguez, en 1997, Premio da Crítica en 2009 por Hordas de escritura (2008), co que volveu gañar o Losada Diéguez, ou o Premio da Irmandade do Libro como mellor autora do ano 2013 por Leviatán.

A poeta ourensá ingresou o pasado 23 de setembro na Real Academia da Lingua nunha sesión extraordinaria e pública celebrada no IES Otero Pedrayo de Ourense, centro educativo do que foi alumna.

escenas cotiás e arquetipos tradicionais, como o ferreiro, a costureira ou o emigrante.



O Kiosko Alfonso acolle a exposición 'A intimidade da imaxe', de Anna Turbau

A exposición A intimidade da imaxe, que recolle fotografías que a catalana Anna Turbau tirou en Galicia entre os anos 1975 e 1979, inaugurouse o 23 de febreiro no Kiosko Alfonso, onde se poderá visitar até o 1 de abril.

A exposición reúne un centenar de fotografías de Turbau que retratan momentos destacados da historia recente de Galicia. Conflictos sociais, reivindicativos e políticos, que van dende as mobilizacións populares cando se construíu a autopista AP-9 ate os debates sobre a autonomía. A entidade que organiza a mostra, o Consello da Cultura Galega, dividea en nove bloques: O rostro que te mira, Luz no alén, A atmosfera e o signo, O

vestixio e a fuxida, A ollada que manca, A imaxe que libera, A festa como síntoma, Fóra de campo e Paisaxe interior.

A fotoxornalista Anna Turbau chegou a Galicia en 1975 da man do Colexio de Arquitectos de Galicia para retratar as vivendas que César Portela proxechara para familias xitanas en Poio, pero acabou instalándose en Santiago para, como colaboradora independente, publicar imaxes dos movementos populares que emerxían en Galicia en revistas como Interviu e Primeira Plana.



Sustentabilidade en feminino: achegas das mulleres á sustentabilidade do mar

Ata o 12 de marzo, no Edificio Politécnico do Campus de Ourense, poderase visitar a exposición itinerante dedicada a recoñecer as achegas das mulleres á economía do mar

e a sustentabilidade, desde ámbitos como a educación, a investigación e os oficios propios do mar, "Sustentabilidade en feminino: achegas das mulleres á sustentabilidade do mar". A mostra

componse de fotografías e vídeos e está promovida pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo.



Exposición “Nado en pedra”

A Escola de Cantería, dependente da Deputación de Pontevedra, pon en valor o traballo de temática figurativa elaborado polo seu alumnado con esta mostra itinerante de 17 pezas en gran tamaño. A exposición, que se atopa nos xardíns do pazo pro-

vincial ata o 18 de marzo, contribúe a divulgar o nobre oficio de cantería e serve como mostra da cultura e da idiosincrasia galega, xa que reproduce

O Consorcio destinará 150.000 euros a fomentar o pintado das fachadas dos inmobles da cidade histórica

O Consorcio de Santiago deu conta da aprobación da orde de axudas do programa "Ter é manter", dirixido ao mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos edificios da cidade histórica de Santiago, por un importe global de 150.000 euros.

Esta subvención abrangue as fachadas exteriores ou patios interiores, cubertas, canlóns e baixantes, carpinterías e galerías de madeira, portas de entrada aos edificios e reixerías dos inmobles situados no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. Nesta convocatoria fomentárase o pintado das fachadas.

Poderán beneficiarse destas axudas tanto as persoas físicas ou xurídicas como unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas; propietarias, inquilinas ou aquelas que teñan algún dereito de uso sobre os inmobles. Tamén poderán ser beneficiarias as comunidades de propietarios.

Valorarase o nivel de ocupación dos inmobles

Os inmobles terán que presentar condicións suficientes de seguridade estrutural e de estanquidade fronte á choiva. Deberán ter unha antigüidade superior aos dez anos; e estar destinados a vivenda, como mínimo, os 2/3 da súa superficie útil, excluídas a planta baixa e as plantas soto.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte da publicación das bases e da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán presentarse no rexistro do Consorcio de Santiago ou en calquera outro rexistro. Na avaliación das solicitudes valorarase que se dispoña dun Plan de Mantemento para o edificio e primarase a incorporación de novos solicitantes. Tamén se terá en conta o nivel de catalogación ou de interese arquitectónico do inmovible, xunto ao seu nivel de ocupación.

Curso Avanzado de Especialización Orquestral

No transcurso da Comisión aprobáronse as bases da convocatoria do Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2018/2019 da Escola de Altos Estudos Musicais, recoñecido como título propio de posgrao pola Universidade de Santiago. Diríxese a músicos instrumentistas con titulación superior que teñan como meta adquirir a formación e a experiencia necesarias para integrarse nunha orquestra profesional. Ofrecense 18 prazas nas diferentes especialidades: 6 para violín, 2 para viola, 2 para violoncello e 1 para contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta e percusión.

Apoio a iniciativas culturais da cidade

No transcurso da reunión avanzouse na tramitación de varios convenios con organismos e entidades culturais da cidade. Nesta liña, o Consorcio ten previsto apoiar a realización do espectáculo dos fogos do Apóstolo con 220.000 euros. Ademais, podería aportar dúas subvencións ao Auditorio de Galicia, unha de 140.000 € para a edición 2018 do Festival de Cine Cineuropa e outra de 230.000 € para o financiamento de distintas actividades de carácter cultural que se van desenvolver na cidade ao longo deste ano.



O organismo tamén ten previsto axudar a diversas iniciativas de dinamización cultural, como é o caso da Fundación Granell, con 90.000 euros; e o curso internacional de música española Música en Compostela, que se celebra cada verán na cidade, con 80.000 euros.

Outros convenios analizados
Na xuntanza analizáronse outros convenios, en particular a renovación do convenio coa Universidade de Santiago para o desenvolvemento do Programa ConCiencia, que traballa polo achegamento da ciencia ao gran público e co que o Consorcio colabora dende a súa creación, no ano 2006. A finalidade é traer máis premios Nobel a Santiago e incrementar as actividades de divulgación científica na cidade.

Ademais, abordouse o desenvolvemento de dous proxectos coa Agadic. Por un lado, trátase do Conecta Fiction, o evento internacional de televisión centrado na coprodución de series e miniseries de ficción entre Europa, Estados Unidos e América Latina, a Xunta de Galicia e a Fundación SGAE; que, tras o éxito da primeira edición, celebrarase de novo en Santiago no mes de xuño. E o curso de formación EAVE (Emprendedores Audiovisuais Europeos), dirixido a produtores, tanto de ficción como de documentais, en Europa.

A Feira do Viño do Ribeiro celebrarase en abril

A 55 edición da Feira do Viño do Ribeiro rematou o prazo para a inscrición de adegas e colleiteiros, cun total de 36 participantes, como corresponde a "un evento enogastronómico e cultural de referencia". Celebrarase desde o día 28 de abril ao 1 de maio. A Asociación de Colleiteiros Embotelladores do Ribeiro comunica á organización da Feira do Viño do Ribeiro que lamenta a coincidencia deste

evento coa World Wine Meetings Chicago 2018, unha feira moi importante no sector do viño, na que participarán seis colleiteiros do Ribeiro, que acoden grazas á subvención do IGAPPE, concedida en xullo de 2017.

Cartaz

A organización da Feira do Viño do Ribeiro, formada polo C.R.D.O. Ribeiro e o Concello de Ribadavia, convoca o concurso de carteis para seleccionar o que vai representar a

55ª Feira do Viño do Ribeiro. A proposta que resulte gañadora do concurso será premiada con 1.000 euros.

A Feira do Viño do Ribeiro busca un cartel que faga alusión á D.O. Ribeiro e o seu MovementoRibeiro, termo que alude á renovación, ao rexurdir e á reinterpretación da Denominación de Orixe máis antiga de Galicia. Tendo en conta que é unha D.O. con viños de calidade, de paisaxe e territorio. No concurso poderán



A Feira do Viño do Ribeiro será na alameda de Ribadavia.

participar profesionais de calquera nacionalidade, podendo presentar cada un deles unha única obra que terá que ser inédita.

A data de recepción dos proxectos estenderase ata o 4 de

marzo de 2018. A selección do gañador do concurso farase na semana do 5 ao 9 de marzo cun xurado experto, formado por profesionais do deseño e artes, momento no que se fará pública a imaxe e o seu creador.

Preséntase o libro “A cultura castrexa e galaico romana no Condado de Pallares”

Os profesores e investigadores Mar Neira e Javier Gómez foron os protagonistas da presentación do libro *A cultura castrexa e galaico romana no Condado de Pallares*, froito dun traballo de investigación de máis dun ano e que se fixo acredor do premio do Certame de Investigación Condado de Pallares. O estudo publícase agora, como parte do premio, impulsado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, co apoio da Consellería de Cultura e Educación, que promove a investigación humanística en galego en ámbitos como a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, o folclore ou a lingüística.

A Casa da Cultura de Taboada acolleu a presentación da obra. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, gabou o labor dos premiados, así como o interese da obra, que “nos achega unha nova perspectiva sobre o noso pasado, sobre a importancia dos pobos que viviron antes ca nós nas terras que agora pisamos”.

A publicación afonda nos vestixios que os pobos castrexos e romanos deixaron nas terras que hoxe ocupan os concellos de Taboada, Guntín, Portomarín, Chantada e Carballedo e destaca, por exemplo, que no xacemento da Quintá de Agrade, a 10 quilómetros de Chantada, se agochaba a Aqua Quintina, “un dos grandes asentamentos romanos das terras de Pallares, unha vila que medrou ao atoparse nun lugar de paso”.

Anxo Lorenzo sinalou tamén

que o libro dá conta “das tres grandes vías romanas que cruzaron estas terras” ou, referíndose á cultura castrexa, “documenta tamén preto de 100 recintos castrexos nesta área e dá unha cifra da poboación aproximada destes asentamentos.”

Ano Europeo

O responsable de Cultura lembrou a celebración durante este 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural, “unha oportunidade extraordinaria para poñer en valor e difundir o rico patrimonio cultural de Galicia, un legado que temos a responsabilidade de protexer, promover e conservar”.

Anxo Lorenzo dixo que “iniciativas coma esta, promovida pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares son un importante referente, que se consolida en cada edición, grazas á calidade dos traballos presentados e tamén grazas á implicación das entidades que o fan posible”.

Investigación humanística A Consellería de Cultura e Educación, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, colabora con este premio para favorecer a investigación en galego sobre a arte, a antropoloxía, a lingua ou a etnografía de Galicia a través de estudos que permiten afondar no coñecemento e ta-

mén no recoñecemento dos valores materiais e inmateriais da cultura galega.

Desde a súa creación, este certame premiou traballos realizados sobre diversos ámbitos da cultura galega vinculados aos territorios que no século VI se constituíron baixo o Condado de Pallares e que hoxe abarcaría Taboada, Guntín, Portomarín, Chantada e Carballedo.

Os municipios lucenses de Chantada, Guntín e Taboada; a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e mais Abanca colaboran na realización deste certame de investigación, que conta cunha dotación económica de 3.000 euros e que inclúe a publicación do traballo gañador.



Acto de presentación do libro en Taboada.

O V Congreso de Xéneros, Museos, Arte e Educación será en marzo



Presentación do congreso.

Presentouse no Museo de Lugo o V Congreso de Xéneros, Museos, Arte e Educación, que se celebrará dende o 15 ata o 17 de marzo. Trátase dunha iniciativa da Deputación que ofrece experiencias e reflexións sobre a cuestión de xéneros e a educación. Contará coa presenza do director do Consello Internacional de Museos, (ICOM), Luís Grau, pois este encontro conta coa acreditación da ICOM para España para a súa difusión e promoción.

Os encontros terán lugar na Rede Museística da Deputación. A inauguración será o día 15 no Museo provincial e pola tarde no Pazo de Tor, en Monforte; o 16 no Museo do Mar e o 17 en San Paio de Narla. Esta nova edición contará con máis de 25 representantes de diferentes asociacións, investigadores, profesores, así como iniciativas sociais en xéneros, activismo, persoas con capacidades diferentes, diversidade e educación que afondarán na visibilización e diversidade do tecido so-

cial.

Ponentes

Os ponentes que intervirán son, entre outros, Víctor Fraga Gayoso, psicólogo de Institucións Penitenciarias, co proxecto Guerrilla de Palabras; Mónica Álvarez San Primitivo e Nerea Rodríguez, que avanzarán o programa ACADAR, sobre Violencia contra as mulleres con discapacidade; Estella Freire e Candela Rajal sobre Espazos Resistencia. Ademais, intervirá a Directora do Museo da Tertulia de Cali (Colombia), Ana Lucía Llano Domínguez; Rosario Sarmiento falarán sobre “Arte e muller na Galicia contemporánea”. A Catedrática de Historia, Concha Gaudó presentará 100 anos de feminismo pacifista. Paula Cabaleiro, Ánxela Caramés e Lucía Canoura Sánchez explicarán a visibilización feminina, e Amelia Aguado Álvarez, presentará o relatorio “Raíñas guerreiras. O papel da muller tradicional africana a través das pezas do museo”, e Aitziber Urtasun: A arte como ferramenta social.

na nosa WEB

www.novasdoeixootlantico.com

Visítennos

XXIII Mostra de Humor de Gallarate, Italia

Por Francisco Puñal Suárez

Coincidindo coa primeira exposición mundial dedicada á obra pictórica pouco coñecida do escritor norteamericano Jack Kerouac,(1919 ? 1956) que se realiza no Museo MEIGA, da cidade italiana de Gallarate, a Mostra XXIII do Humor desta localidade quixo sumarse a esta homenaxe, ao tomar como tema central na súa convocatoria o título da súa novela "On the road" (No camiño), publicada en 1957, para posibilitar nas caricaturas expostas, interpretacións contemporáneas da obra dese gran autor.



Alemania - Zoran_Petrovic_Premio Especial del Jurado - Sátira



Italia_Gabriele_Corvi_premio_Osvaldo Cavandoli



primer premio en gráfica fue para el serbio Borkovic Toso



Grand Prix Marco Biassoni a Alexander Yakovlev, de Rusia_



Indonesia_Jitet_Kustana_Primer premio en sátira



Peru_Julio_Carrion_Cueva_MenzioneGrafica



Jordania_Osama_Hajjaj_Dictador -Mención en Sátira

MAITIRENA



Humor



Elena Ospina



Gio



Toni Savski



Tokio



Maitirena



Tokio



Asier y Javier



Asier

Homenaxe

a Forges



Xosé Manuel



Hermanager



Ignacio Hortas




Félix Ronda



Xaquín Marín

A Forges:
Xenial, só como tú mesmo, simplemente.
Vémonos. Formidéibol.

Viqueira.



Xaquín Marín

FUCO PRADO



Galicia

Redacción



Máis de cen persoas achegáronse ao monte para colaborar na actividade.

O Comunal de Ponteareas reforestado con 400 frondosas no queimado

O Día da Árbore celebrouse o pasado sábado 24 de febreiro e consistiu en levar a cabo o “Proxecto Árbore: unha árbore, unha vida” patrocinado pola Clínica Alsana, que pretendía plantar unha árbore por cada día do ano. E así foi.

Despois da vaga de lumes do pasado mes de outubro, era necesario recuperar as áreas queimadas, polo que esta empresa contactou coa directiva do monte comunal para saber se había terreos dispoñibles para a plantación. Dende a comunidade de montes acolleuse esta idea con ilusión e se prepararon os buratos. Plantáronse diversas especies, todas elas frondosas, pola súa contribución na loita contra os lumes. Carballos, cerdeiras, castiñeiros e bidueiros mudaron a paisaxe na entrada das Chans e pronto conformaran unha nova área de espallamento para os ponteareáns.

Na xornada do sábado máis de cen adultos e moitísimos rapaces e rapazas, achegáronse para participar nesta celebración. Había comeneiros de Pon-

teareas, de Arcos, clientes e traballadores da Clínica Alsana, nenos e nenas membros dos Scouts, voluntarios e moitos outros asistentes que se enteraron a través das redes sociais. A xornada foi un éxito e rematou cunha merenda para os asistentes na mesma área das Chans.

A Comunidade de Montes de Ponteareas vai asinar un convenio co concello de Ponteareas e coa Deputación de Pontevedra cuxo obxectivo é a creación dun parque forestal. Neste proxecto tamén están as comunidades de montes de Arcos e Bugarín. O que se pretende é potenciar e poñer en valor os recursos paisaxísticos e naturais desta área que abrangue 218 Ha. ao mesmo tempo que se ofrezca resistencia aos posibles lumes creando franxas de protección con plantación de frondosas e eliminación de acacia. Tamén se van arranxar fontes, crear roteiros novos, recuperar toponimia, restaurar o erbeiral, mellorar as pistas de bicicletas, ou sinalizar lugares de interese entre

outras actuacións. A Picaraña é un referente para a veciñanza que goza deste espazo natural de varios xeitos: practicando deporte, paseando polos roteiros ou observando a paisaxe. A execución deste parque forestal non será impedimento para que as comunidades de montes implicadas sigan dirixindo o seu terreo forestal e poidan levar a cabo as actuacións contempladas no seu Plan Técnico vixente.

Dende o monte comunal de Ponteareas lévanse a cabo varias accións de defensa contra o lume como a organización de quendas de vixilancia nos meses de verán, xunto coa comunidade de montes de Arcos, a plantación de frondosas, a eliminación de acacias e eucaliptos ou a limpeza de diversas áreas do monte. Tamén se fan charlas sobre medio ambiente e cursos

de poda, e se organizan xornadas de retirada de lixo e poda de árbores.

Pero non so os comeneiros coidan da Picaraña. O pasado xoves, 100 alumnos e alumnas do colexio “La Inmaculada” plantaron 45 frondosas nunha área queimada do monte comunal, actividade enmarcada nun proxecto medioambiental que elaboran cada ano. Dende este centro escolar se están facendo plantacións de frondosas nas Chans dende o ano 2005.



Membros de Alsana e do monte comunal preparando as árbores

Colexio plurilingüe “La Inmaculada”

- Premio 2017 á Excelencia Educativa
- Plurilingüismo dende E. Infantil

Amado Garra, 2. Telf: 986.640.065
www.colexiainmaculada.com

Aberto o prazo de matrícula

A asociación tudense Levada Libre reivindica a Memoria Histórica con actos culturais durante o mes de marzo

As actividades desenvolveranse en Tui, O Porriño e Salceda con erguimento de un novo monolito na Volta da Moura o día 10 de marzo

A memoria histórica da contorna do Baixo Miño, Condado e Louriña será unha vez mais divulgada e reivindicada grazas a iniciativa da asociación tudense Levada Libre, fundada no ano 2008 con a finalidade de recuperar a memoria dos veciños tudenses e da súa comarca asasinados nos acontecementos acaecidos na cidade de Tui no verán do 1936.

Baixo o nome Días da Memoria, os Concellos de Tui, O Porriño e Salceda acollerán, a partir do próximo día 3 de marzo, unha serie de actividades culturais e educativas que inclúen teatro, conferencias, música e poesía.

Dentro do programa de actividades, Levada Libre, con o apoio do concello de Salceda, inaugurará un novo monolito na Volta da Moura o día 10 de marzo ás 17:00h, lugar no que a asociación tiña levantado un monumento de Memoria

aos 9 porriñeses asasinados nese lugar e suas viúvas e que nos meses seguintes apareceu danado e con pintadas, “non vamos nin limpiar nin arranxar o antigo monumento, vai quedar igual para que se saiba o que pasou, a desfeita tamén fala”, explicou Manuel Vázquez, membro da asociación. Durante o acto plantaranse tres oliveiras, unha por cada concello, e música e poesía acompañarán as intervencións de diferentes ponentes convidados. Manuel Vázquez apela pola súa vez a aqueles familiares vítimas do acontecido na Volta da Moura no ano 1936 para contactar á asociación xa que no monumento sito no lugar hai aínda espazo para engadir mais nomes.

Durante a presentación oficial das xornadas, que tivo lugar no liceo casino de Tui a cargo de Manuel Vázquez, Belén Sío e Raúl Francés, a asociación fixo un chamamento aos res-

ponsables políticos para actuar nos casos de atentados a monumentos como aconteceu na Volta da Moura e como está a acontecer en outros puntos do país, “cada monumento é un sentimento, por iso estamos aquí hoxe, para pedir ás autoridades democráticas que se persiga aos criminais que profanan monumentos, si o goberno non fai nada está convertíndose en cómplice de saltarse a legalidade que predica”, engadiu Manuel Vázquez.

En palabras de Belén Sío a metade da sociedade civil española quedou sen expresión, “por iso organizamos estas xornadas, para representar a esa parte a través de actos culturais, educativos e lúdicos”. Para Raúl Francés, o monumento de Volta da Moura serve a moitas familias que perderan seus pais, e que non saben onde están seus corpos, como lugar simbólico onde poder depositar as flores.

O ciclo de actividades comezará o día 3 de marzo ás 19.30h no salón de actos do Instituto San Paio de Tui coa función teatral “A Lola”, que



aborda a vida das viúvas e familiares da Guerra Civil determinada durante varias xeracións polo silencio sobre aqueles feitos que impiden a superación do trauma.

O día 8 de marzo ás 20.00h no centro Cultural Castela de Salceda terá lugar a conferencia “A República e a Educación”, da man do historiador Xosé Álvarez, onde analizaránse os obxectivos básicos do programa educativo republicano, as consecuencias das reformas e o retroceso da expansión da cultura ao pobo despois do golpe de 1936. O día 10 de marzo ás 17.00h acto inaugural do novo monolito na Volta da Moura e o día 15 de marzo, ás 20.00h

no Centro da Cultura de O Porriño, conferencia “A participación viguesa na Segunda Guerra Mundial e a achega do Porriño” da man da memorialista María Torres, quen divulgará a investigación que fixo durante os dous últimos anos sobre os viganeses exiliados, deportados aos campos nazis de Europa e do Norte de África, combatentes no Exército Roxo, resistentes ou espías.

Levada Libre convida a todos os veciños a participar nestes actos, “odiamos a guerra, foi un absurdo, xa acabou, pero queda a memoria, iso nunca poderá ser destruído; a paz conséguese con a honra e dignidade”.

A OMIX de A Guarda publica un tríptico informativo coas actividades programadas para 2018

A Oficina de Información á Xuventude (OMIX) do Concello da Guarda ven de publicar un tríptico informativo sobre as actividades programadas para este 2018, xa dispoñible ao público no Concello, en entidades educativas e sociais, e en diversos locais comerciais e de ocio da vila.

Co lema “Sal e participa! Comparte. Experimenta. Aprende”, o folleto recolle os distintos obradoiros, cursos e

campamentos que a OMIX ofertará durante o ano, con información complementaria de interese. Así, no vindeiro mes de marzo haberá un curso de monitor/a de tempo libre e un obradoiro de elaboración de galletas. O período de inscrición estará aberto ata o vindeiro 9 de marzo.

No mes de abril, comezará un curso de inglés para adultos que, a un prezo de 25 euros, ofertará ao alumnado as fe-

rramentas necesarias para manter conversacións cotiás; e, tamén en abril, celebrarase un obradoiro de Scketching, en colaboración coa Escola Superior Gallaecia. Este será un obradoiro de aproximadamente 3 horas de duración, co que se pretenderá achegar a toda a poboación as ferramentas para sacar proveito ás habilidades plásticas, o deseño e os recursos multimedia.

En maio, tócalles a quenda ao obradoiro de iniciación ao gravado en relevo e de creación de selos para estampar (stamp carving). Da man do artista local Alfonso Vicente, aprenderemos as técnicas básicas

do gravado en relevo..

A mocidade terá oportunidade de realizar en xuño un obradoiro de vídeo en 1 minuto, organizado en colaboración coa Escola Superior Gallaecia. Este taller ofrecerá os coñecementos e ferramentas básicas para realizar edicións rápidas e sinxelas de vídeo, logrando montaxes audiovisuais completas e atractivas.

Nos meses de verán, organizaranse o tradicional campamento urbano e o campus deportivo, cuxas modalidades e prezos de inscricións daranse a coñecer unha vez se anuncie a apertura do prazo de inscrición, previsiblemente en xuño.

Durante o derradeiro cuatrimestre do ano, retomaranse os obradoiros de cociña, cun curso centrado na elaboración de masas para no mes de setembro. As populares xornadas de micoloxía celebraranse en outubro, con data a establecer en función da meteoroloxía e, xa en novembro, os e as amantes das manualidades poderán participar nun obradoiro de DIY para a personalización de axendas.

A información detallada sobre as actividades programadas a partir do segundo trimestre do ano daranse a coñecer en redes sociais e medios de comunicación nos próximos meses.

Galicia

Redacción

Unha nova Ponte...nas ondas! para celebrar o Día Mundial da Radio

Entre as nove da mañán e as dúas da tarde o alumnado do IES de Breamo de Pontedeume e o Agrupamento de Escolas Sidónio Pais de Caminha realizaron cinco horas de radio en directo retransmitidas a través do portal Escolas nas Ondas (www.escolasnasondas.com) con imaxe en directo desde o auditorio do instituto eumés e desde a Rádio Afifense.

Aínda que o Día Mundial da Radio tivo como temática o mundo do deporte e a radio, outros contidos específicos foron abordados polo alumnado de ambos centros. No caso do IES Pontedeume foron os alumnos da ESO e de Bacharelato e no de Caminha os do Jardim de Infancia, Primaria e Secundaria da Escola Básica e Secundaria de Vila Praia de Âncora.

Trataron temas tan diversos como: a Serração da Velha (unha manifestación da cultura popular local), as herbas aromáticas e medicinais, o deporte, a emigra-



ción, a música e mesmo houbo actuacións musicais en directo.

Recibíronse chamadas do exterior e pasaron polos estudos deportistas e políticos como o Vereador da cultura da Cámara de Caminha falando da importancia do deporte, do Patrimonio e da educación cos medios de comunicación como aliados.

Centros de toda Galicia e do Norte de Portugal

Ademais destes centros que realizaron 5 horas de programación, centros educativos de Braga, Valença do Minho, Cotobade, Sal-

ceda de Caselas, Salvaterra, Pontedeume, Gondomar, Vigo, Pontevedra, Sanxenxo, Arteixo, Coristanco, Rianxo, San Sadurniño, Burela, Monforte de Lemos e Ourense enviaron programas desde as súas propias radios como Radio Faladora, Radio Pinguela, Radio Altamira, Radio Abrente, Radio FS, Radio Turonio ou Radio Furoca. Programas de alumnos sobre a radio e deporte en formato podcast están xa no portal Escolas nas ondas (www.escolasnasondas.com)

Colaboracións

Para a xornada racibíronse mensaxes de artistas como a cantante Uxía, o xornalista de RNE-Radio 3 Iñaki Peña, o xornalista deportivo da Radio Galega Xaime Escudeiro ou o xogador do FC Barcelona, Denis Suárez, de Salceda de Caselas.

Ponte...nas ondas! está a promover o emprego das emisións "radiovisuais" nos centros educativos e a elaboración de podcasts en diferentes obradoiros que se están impartindo nos centros educativos de Galiza e do norte de Portugal e que está incrementando o uso da radio como unha ferramenta educativa capaz de realizar producións propias para desenvolver as capacidades comunicativas do alumnado. E o portal Escolas nas Ondas é o punto de encontro destas producións audiovisuais.

Ponte...nas ondas! vén de ser escollida como unha das 100 mellores "boas prácticas" co patrimonio cultural pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.

A aula CeMIT retoma a actividade con novos cursos de balde

O Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) do Concello de Pontedeume, que depende da concellería de Novas Tecnoloxías dirixida polo socialista Benito Márquez, retomou a súa actividade o xoves pasado con novos cursos.

A aula, situada no segundo andar do Centro Social da rúa Oriente, seguirá ofrecendo os seus servizos ata decembro deste ano 2018 gracias ao convenio de colaboración entre o Concello de Pontedeume, a Xunta de Galicia, a Fegamp e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA).

Estes cursos están dirixidos a tódolos tramos de idade co obxectivo de formar, actualizar os currículos do alumnado e, sobre todo, chegar a informática e as novas tecnoloxías a toda a cidadanía. Cursos adaptados ao nivel e necesidades do alumnado que van dende o manexo de Excel á edición informática e a ofimática en xeral. Ao longo do ano tamén haberá cursos específicos, como por exemplo manexo de Facturaplus que serán anunciados na páxina web do concello.

De luns a venres, de 16:00 horas a 21:00 horas, calquera veciño ou veciña de Pontedeume pode ser beneficiario destes cursos que a concellería de Novas Tecnoloxías ofrece totalmente de balde, co obxectivo de favorecer a inclusión dixital.





CINEMA DE INVERNO

No Auditorio Municipal

O xigante (Curta infantil de Abano Producións)

O soldadiño de chumbo (Curta infantil baseada no conto de H.C. Andersen)

A flor máis grande do mundo (Curta infantil baseada no relato de José Saramago)

Domingo 4 de marzo. 18:00 h

Os días afogados (Documental)


Sábado 10 de marzo. 18:00 h

Charla-coloquio ao remate

Entrelobos (Longametraxe)

Domingo 18 de marzo. 18:00 h

Charla ao remate con Marcos Rodríguez Pantoja, protagonista da historia real

Éxito de participación da primeira edición de Pentagrama musical

A Concellería de Comercio, Hostalería e Consumo do Concello de Ponteareas agradece a todos e todas as participantes na primeira edición de Pentagrama musical o seu bo traballo e a ilusión depositada conseguindo que resultara todo un éxito.

O 1º Pentagrama musical congregou a visitantes e clientela habitual que non dubidaron en salientar a orixinalidade da idea e a súa satisfacción pola oportunidade de escoitar música en directo.

Noventa microconcertos de quince minutos encheron de notas musicais de moi variados estilos os vinte bares que



participaron na iniciativa. A concelleira socialista Inés Vidal fai un balance positivo desta primeira edición e adianta que o pentagrama musical volverá á hostalería da cidade nos vindeiros meses.

"Tanto os locais participantes como a clientela fíxonos chegar os seus para-

béns e agradecementos por esta ocasión única de escoitar música tocada á banda en directo. A mín so me queda dar as grazas a todos os establecementos que participaron, aos clientes e aos músicos da Banda Xuvenil de Xinzo e do conservatorio municipal que xuntos fixeron que fora todo un éxito".

Pola súa parte, o presidente da Banda de Música Xuvenil de Xinzo agradece as facilidades que se lles deu na realización dos microconcertos e á iniciativa novidosa da concellería que permite a promoción e difusión da música e da cultura ponteareá.



Alumnado do CEP Barrantes levan a Rosalía á feira de Tomiño para achegar a súa obra á cidadanía

A chegar a Rosalía de Castro como muller e como escritora á cidadanía, "xa que todo o mundo coñece a súa figura pero non a súa obra". Ese era o obxectivo co que os e as estudantes de 5º e 6º de primaria do CEP Barrantes trasladáronse este mércores das aulas á Praza do Seixo, onde durante gran parte da mañá repartiron flores de papel e poemas da autora galega e recitaron algúns dos seus poemas para celebrar o Día de Rosalía, que se conmemora cada 24 de febreiro.

A idea de adiantar a data de celebración debeuse á intención de "levar a Rosalía á feira e buscar un maior impacto social" na vila tomiñesa, como explicou unha das docentes do centro, María Lemos. Tratouse dun traballo de achegamento á cidadanía pero tamén dunha forma de que os preto de 100 alumnos e alumnas do CEP Barrantes descubriran á autora galega, traballando a súa figura e lendo a súa obra. "É un xeito ademais de achegar a poesía aos rapaces e rapazas, porque a maioría das lecturas

son en prosa. Desta forma aprenden a declamar e a ler a poesía con sentimento", recalcou Lemos.

Esta saída forma parte das actividades que está a realizar o centro educativo ao abeiro das accións programadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) para conmemorar o Día de Rosalía de Castro e que este ano conta cun manifesto escrito por María Reimóndez, manifesto que algúns dos docentes do CEP Barrantes leron na Praza do Seixo acompañados

Ultreia, o desafío popular do Camiño de Santiago, sairá dende Tui

Percorrerá a distancia de 46 quilómetros, até Pontevedra, nunha única xornada, o domingo 4 de marzo.

Os peregrinos da antigüidade saudábanse uns a outros gritando: Ulteia. Era a mensaxe de ánimo para chegar ao lugar prometido.

A Ulteia é unha marcha de sendeirismo popular, que se presenta como un reto, un estímulo, unha xornada de convivencia... accesible para calquera tipo de persoas, independentemente das súas calidades físicas.

Ao longo da proba, se establecerán tres puntos de recollida dos participantes que non poidan chegar a Pontevedra, e que os levarán ata a chegada. Desta maneira, cada participante poderá facer a marcha que mellor se adapte a súas condicións.

As inscricións estarán abertas ata o 25 de febreiro, a través da páxina www.cronotec.es, a un prezo de 6,20€ por persoa, recibindo os participantes unha camiseta conmemorativa, unha mochila, os avituallamentos, así como o seguro deportivo e os traslados ata o punto de saída.



por varios concelleiros do Concello de Tomiño.

Ademais desta actividade fóra das aulas, o resto do centro tamén está a traballar na figura de Rosalía de Castro de distintas maneiras. Así, baixo o lema 'Abride a Fiestra' o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º

de primaria colocaron elementos iconográficos de Rosalía e transcribiron versos soltos ou poemas completos en distintos soportes para pendurar das fiestras do centro. Pola súa banda, os nenos e nenas de infantil participaron na acción 'Rosalía pequeniña'.

Miscelanea

Redacción

Conferencia de José María Peláez sobre o Marqués de Salamanca, en Madrid

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia acolleu o 20 de febreiro a Conferencia: “Un personaxe de novela: o Marqués de Salamanca”, que ofreceu o escritor e profesor José María Peláez Valle, un percorrido pola vida, obra, fantasías, realidades e relacións cos principais personaxes da época de José de Salamanca, quen pasou de nobre revolucionario na súa mocidade a político e empresario con importantes e decisivas actuacións para España en asuntos internacionais. Entre as cuestións expostas, algunhas “absolutamente inéditas”, tal e como destacou, foron as “aclaracións sobre a intervención de José de Salamanca nos acordos co xeneral Cabrera en Londres para propiciar o final das Guerras Carlistas estudadas por un grupo de investigación español que desvelou aspectos descoñecidos”.

A presentación do relator realizouna o coordinador de Actos Ramón Jiménez, quen a fixo en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia José Ramón Ónega. Jiménez lembrou que Peláez xa ocupara esta tribuna con anterioridade, e presentado

o libro Héroes en el olvido, no marco das conmemoracións do bicentenario da Guerra da Independencia. É autor tamén da novela histórica Honor y rebeldía, ambientada na posguerra da Independencia. Outros libros seus son Pequena estatua de bronce, Armería vasca de luxo no século XIX, Desafíos, Encuentros y Duelos de Honor. Armas de Reglamentos e El hombre de las muñecas. Así mesmo é unha recoñecida autoridade en Armería Antiga, o que vén avalado ademais polos seus moitos anos de docencia como profesor numerario de Enxeñería de Materiais e Metalurgia Histórica da Universidade de Vigo (está en posesión tamén do título de Enxeñeiro Europeo – Euroingeniero-, con acreditación de Bruxelas), así como polos seus traballos de investigación sobre metalurgia de obxectos de arte antigos, publicados no Consello Superior de Investigacións Científicas e outras importantes entidades, e os seus labores de asesoramento para museos e de experto para anticuarios e salas de poxas internacionais.

O conferenciante expuxo con histórico rigor algúns “feitos”

da “fantástica e azarosa vida de tan interesante e curiosamente esquecido ou maltratado personaxe no seu contexto”, con importantes eventos internacionais e delicadas xestións do Marqués no ámbito internacional, fuxindo de “as visións partidistas” que con frecuencia empregan moitos tratadistas. Sinalou que do Marqués de Salamanca dixo o propio Alejandro Dumas, amigo persoal, que en caso de coñecelo con anterioridade non tiñese que espremer a súa imaxinación creando o famoso personaxe do Conde de Montecristo, dado que a súa vida, “desde a súa mocidade aventureira, a súa relación sentimental coa heroína Mariana Pineda, a súa postura de rebeldía durante a Década Ominosa e as súas participacións no ámbito militar durante a Guerra Carlista, alternadas co desempeño de actividades políticas, o episodio novelesco da súa resurrección despois dunha morte aparente e a súa voda con Petronila Livermore”, xa superan calquera novela.

O profesor Peláez Valle desvelou aspectos pouco coñecidos dos personaxes relacionados e vinculados co poder real e in-



finidade de acontecementos especiais e acceso ao poder político, así como “os fabulosos negocios, desenvolvidos en España e no estranxeiro coa creación de empresas construtoras de ferrocarrís en Europa e USA, e un longo etcétera de participacións en intrigas internacionais alternadas cunha vida de luxo inconmensurable, as súas compras de pazos, fabulosas festas, protección a artistas e un longo etcétera de feitos acreditados entre moitos outros obxecto da fantasía que se construíu ao redor da figura do Marqués”.

O desenvolvemento urbano en Madrid do Barrio de Salamanca, a súa visión de modernidade e de futuro foron descritos con toda clase de detalles e valoracións do novo espírito urbano que se creou en paralelo.

Destacou ademais “a asimetría do desenvolvemento económico de Galicia” nesta parte do século XIX e resaltou

o enorme atraso na construción de liñas de comunicación ferroviarias entre Galicia e Madrid.

O orador ofreceu ademais unhas pinceladas sobre a relación do Marqués co famoso restaurante Llardy, cuxo coxe-rente actual, Daniel Marugán, acudiu á Casa de Galicia para coñecer as primeiras man. Llardy era en 1839 unha pastelería que grazas ao apoio do Marqués, converteuse, xa por entón, nunha empresa de catering que lle serviu banquetes a domicilio de ata 600 comensais. Era lugar emblemático que reunía todo o máis selecto da capital e un mentidoiro ao uso, que chegou ata os nosos días.

Para concluír, Peláez falou do declive económico e as causas que levaron ao Marqués á ruína, aspecto co que puxo o broche final á documentada e interesante conferencia que ilustrou con fotografías antigas da época.

Galiza Cultura solicitan que o Pergamiño Vindel fique na Galiza

Por espazo de vinte semanas, o tesouro da literatura e da música medieval galega que encerra o chamado Pergamiño Vindel é obxecto de exposición no Museo do Mar de Vigo. Residen, logo, temporalmente no país e na cultura que orixinaron estas inigualábeis mostras estéticas do noso idioma e da nosa arte histórica. Para alén da súa beleza e calidade intrínsecas, as cantigas de Mar-

tin Codax fálannos aos galegos de hoxe con moita máis elocuencia da aparente. Falan dunha lingua milenaria, que foi pioneira no cultivo literario de alto valor entre todas as europeas; fálannos dunha historia de noso, de que nos queda aínda tanto por coñecer e por valorar; fálannos, en fin, dunha necesidade: a de reapropriarmos o que nos pertence, isto é, o noso pasado, o que explica e axuda a enten-

der o noso presente.

Desde Galiza Cultura solicitamos ás administracións públicas atinxidas directamente -Xunta de Galiza, Concello de Vigo, Universidade de Vigo (universidade de que estimamos, como merece, o impulso desta iniciativa)- así como a outras institucións públicas como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e as Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, a

súa intervención positiva para trataren de xestionar que o Pergamiño Vindel fique na Galiza. Ben sabemos que é propiedade, desde hai 40 anos, da Morgan Library, entidade que o cedeu para a exposición que mencionamos por un tempo limitado. Ben sabemos igualmente do celo posesor que amosan institucións públicas e privadas cando atesouran pezas ou, inclusive, monumentos de alto valor e de fóra do seu territorio, conseguidos por venda no mercado ou mesmo, en tantas ocasións, por rapina colonial. Mais isto non debere


obstar para que desde a Galiza houbese unha xestión político-cultural no sentido apon-tado. Co “non” xa se conta e o “si”, debidamente explicado e documentado, está sobrado de razóns. O silencio e/ou a pasividade nada resolven. A cultura da efeméride, tampouco. Instamos por tanto, ás institucións mencionadas, a se interesaren pola cesión ou doazón desta peza monumental da nosa arte-literatura, testemuño espléndido da antigüidade da nosa historia como povo cunha lingua e unha cultura específicas.

Redacción

Puskas expõe na Assembleia da República

O pintor monçanense Puskas expõe no edificio da Assembleia da República, em Lisboa, entre os días 21 de febreiro e 24 de marzo. A inauguración contou con a presenza do autarca monçanense, António Barbosa.

Após a abertura oficial da exposición, denominada “Nobre Povo Imortal”, realiza-se un momento musical con actuación dos artistas



galegos Andrea Pousa e Bruxo Queiman, bem como una prova de vinhos con a presenza do enólogo Anselmo Mendes.

Autodidata convicto no sentido absoluto do termo, Puskas, nacido en 1954, fez una aprendizagem gradual num curto espaço de tempo, através de muito trabalho de investigación e um jeito natural e intuïto para a aplicação das regras de ouro desta modalidade artística.

Os temas preferidos fixáronse nos panoramas diurnos, prefigurados nos mistérios das sombras iluminadas, na flexibilidade inspiradora e nos espaços citadinos ou rurais, onde o artista utiliza una linguagem plástica plena de referências humanas.

Há décadas que Puskas se vem inspirando nas suas gentes, nos feitos do seu povo, nos acontecimentos históricos e nas façanhas poéticas e heroicas dos portugueses. Com una vasta



obra sobre estes temas espalhados pelo país e mundo, tem contribuído para divulgar e imortalizar o povo português.

Nesta exposición, Puskas homenageia o sentir lusitano e retrata a riquíssima e ancestral nobreza de um povo repleto de figuras notáveis que, ao longo dos séculos, eternizaram os feitos de Portugal. Em resumo, o artista brinda os visitantes com una interpretação pictórica sobre variados aspectos da nossa história, gentes e tradições.

Carles Vila invitou a cambiar a perspectiva sobre os e as adolescentes na III Semana da Educación

Recordar que as persoas adultas tamén foron adolescentes nalgún momento da súa vida. Esa foi a clave proposta por Carles Vila na xornada do mércores da III Semana da Educación, na que este educador social e mestre da Universidade de Barcelona axudou ao público asistente a reflexionar sobre ‘Como escoitamos e miramos ás persoas adolescentes?’ e como iso afecta directamente a esas persoas en pleno proceso de formación e en pleno camiño cara unha vida adulta.

Ante un auditorio de Goián ateigado, Vila recalcou a importancia de cambiar a perspectiva que as persoas adultas teñen cara as e os adolescentes e a educalos en corresponsabilidade e cooperación, camiñando xuntos e sen proxectar neles as expectativas propias dos maiores que



conforman o seu ámbito familiar. Ademais, avogou por xerar espazos de encontro e de confianza no que ofrecer a eses e esas adolescentes a suficiente liberdade para que se desenvolva de xeito natural e que sirva, ao mesmo tempo, de punto de comunicación coas persoas adultas. Para Vila, “moitas veces a clave é estar disposto e dispoñible”.

A terceira edición da Semana da Educación rematou o xoves coa conferencia de María Hidalgo, licenciada en Comunicación Audiovisual e máster en Cultura de Paz, Conflitos, Educación e Dereitos Humanos, que falou das claves educativas para empoderar ás familias e de como consensuar normas e límites esenciais.

A Aula da UNED de Tui volve ao horario habitual



Desde o día 19 de febreiro, volve abrir no seu horario habitual – de luns a venres de 16 a 21h – a Aula da UNED de Tui logo acordo chegado entre o Concello e a UNED no referido á contratación dun conserxe para este centro. O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, indica que hai que felicitarse polo acordo chegado entre ambas institucións que contempla que a UNED contratará ao persoal preciso e o concello asumirá os gastos que conleve esta contratación laboral que pasará a depender da propia universidade. Deste xeito a aula tudense contará cun traballador sen relación laboral co concello, o que evitará as situacións de irregularidade que se viñan dando, o rexedor destacou que a relación entre Concello e UNED sae fortalecida cunha delimitación clara do papel de cada institución.

O Concello de Tui tal e coma viña facendo até o momento segue a asumir o mantemento do edificio o custe do persoal pero deixándose de encargar da contratación do conserxe.

Deste xeito a aula tudense da UNED volverá abrir de luns a venres de 16 a 22h para acoller as titorías tanto do Grao en Psicoloxía que se imparte no centro coma dos cursos de acceso á universidade para maiores de 25 e de 45 anos.

A próxima semana está previsto tamén o comezo de novos cursos de Extensión Universitaria nos que pode participar calquera persoa interesada, sin requisitos mínimos de formación previa. O martes 20 comezará o curso “Lingua de signos. Nivel III”, o mércores 21 o de “Emprendedurismo e marketing dixital: trucos para potenciar a túa empresa en redes sociais” e “Ferramentas TIC (Tecnoloxía da Información e Comunicación) para uso educativo”, mentres o venres 23 iniciarase a “Escola de familias II. Unha conspiración educativa”.

En marzo o día 1 comezará o curso “Inglés III”, o 3 de abril “Adolescencia: Estratexias para a resiliencia e o autoconcepto”, o 14 de maio “Deixa de fabricar medos. Conquista o teu Equilibrio Emocional” e o 23 de maio “Iniciación á cata”.

A Aula da UNED en Tui comezou a funcionar no curso 2010/2011 ofrecendo inicialmente o curso de acceso á Universidade para maiores de 25 e 45 anos, e no curso 2012/2013 incorporou o grao en Psicoloxía.

Concello e adegueiros presentaron a Feira do Viño de Chantada

Manuel Varela, alcalde de Chantada e Manuel Diéguez, concelleiro de Cultura xunto con adegueiros da subzona de Chantada da Ribeira Sacra, presentaron o programa da XXXVI Feira do Viño que se celebrará os días 9, 10 e 11 de marzo.

O acto celebrouse no atrio da Igrexa de Nogueira de Miño (século XII) que alberga as pinturas murais de maior valor artístico da Ribeira Sacra. O cartel anunciador é obra do artista Lomarti. Alcalde e concelleiro explicaron que o programa de actividades reserva o habitual espazo destacado

para a música e para as actividades de lecer con nenos. A proximidade coa conmemoración do día da muller traballadora proporciona unha das novidades deste ano, porque o programa ábrese o día 8 cunha homenaxe ás viticultoras, organizado pola asociación feminista Polamiúda.

Nesta edición participarán trece adegas, cifra máis reducida que a do 2017, cando foron dezaseis. "O ano pasado a participación foi excepcional e neste vai baixar un pouco, nalgúns casos porque hai adegas que aínda non teñen ou viño embotellado", explicou o concelleiro de Cultura.



Presentación, en Nogueira de Miño, da Feira do Viño de Chantada.

Programa da 36 Feira do Viño de Chantada

8 de marzo, xoves. Ás oito da tarde non Auditorio Municipal, "Encuentro de mulleres ribeirás: viticultoras heroicas". A primeira cita da Feira do Viño coincide co Día Internacional da Muller Traballadora, polo que a asociación Polamiúda facilitará un espazo de encontro non que visibilizar e recoñecer ou traballo das mulleres que participan non proceso de elaboración, comercialización ou investigación do viño da Ribeira Sacra da subzona de Chantada (viticultoras, enólogas, adegueiras, catadoras...). Non actúan ademais Chorimas e Punkdereteiras.

9 de marzo, venres. Ás oito da tarde apertura dúas casetas non recinto da Feira do Viño. Ás once da noite actuación do grupo folk A Roda.

10 de marzo, sábado. Ás once da mañá actuación dúas gaites da Escola Tradicional de Música de Chantada, do grupo de zanfonas da Tradescola de Lugo e das Punkdereteiras. De 12 a 14 horas obradoiros e ocioteca infantís con Velaísca (para nenos dende os tres anos). A unha da tarde concerto da Banda de Música de Chantada. De catro a oito da tarde obradoiros e ocioteca infantís con Velaísca (para nenos dende os tres

anos). Ás cinco a festa estará amenizada pola Charanga Garrafón, Festicultores Troupe, Tradescola e Punkdereteiras. De seis a sete cata popular. 21:00 horas. Actuación da Orquestra Tango e da Orquestra Solara.

11 de marzo, domingo. 11:00 horas. Actuación do Grupo de gaitas "Os Barrios" de Chantada. 11:00 horas cata oficial da Feira do Viño. 11:30 horas actuación da Charanga NBA. De 12:00 a 14:00 horas obradoiros e ocioteca infantís con Velaísca (para nenos dende os tres anos). 12:30 horas. Ac-

tuación da Banda de Gaitas de Chantada. 13:00 horas pregón da Feira, a cargo de María Cruz Díaz Álvarez, decana do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Centro e Canarias. 15:00 horas xantar oficial. 16:00 horas entrega de premios. De 16:00 a 20:00 horas obradoiros e ocioteca infantís con Velaísca (para nenos dende os tres anos) na Casa da Música do Auditorio Municipal. Durante a tarde actuarán a Charanga NBA, a Charanga Ardores e a festa rematará coa Orquestra Compostela.





Novas da Raia

Autarquia investe na segurança da Equipa de Sapadores Florestais

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira entregou, esta quarta-feira, cinco Equipamentos de Proteção Individual, vulgarmente conhecidos por EPI's, à equipa de Sapadores Florestais do concelho. Vice-presidente reforçou importante investimento em prol da segurança e capacidade de intervenção dos elementos afetos.

Suportado na íntegra pela autarquia, o Equipamento de Proteção Individual ignífugo para combate de incêndios florestais é composto por casaco, calças, cogula, botas, luvas e capacete com lanterna, sendo ainda complementado com material de comunicação.

A entrega dos EPI's foi feita pelo vice-presidente da Câmara Municipal, Vitor Costa, que referiu que o trabalho desen-



volvido por esta equipa "exige condições de segurança rigorosas que continuem a garantir o seu extraordinário desempenho ao serviço da proteção de pessoas e bens".

A equipa de Sapadores Florestais de Vila Nova de Cerveira (SF20-111) foi constituída em 2008, através de um protocolo assinado entre a Câmara Municipal e a Associação de Pro-

dutores Florestais do Vale do Minho, ao abrigo do Programa de Sapadores. É composta por cinco elementos, dispondo de uma viatura todo terreno, com um kit de 1ª intervenção em incêndios florestais, equipamento específico para trabalhos de silvicultura preventiva e deteção e combate a incêndios durante o período crítico de fogos florestais.

Amar-te e respeitar-te

Na passada segunda-feira, 19 de fevereiro, o Cine Teatro João Verde recebeu uma atividade de sensibilização para a questão da violência no namoro dirigida aos alunos do ensino secundário do concelho de Monção.

A iniciativa constou da apresentação de livro com histórias ficcionadas sobre a violência no namoro, performance musical com Jimmy P e exibição de peça de tea-

tro "Amar-te e respeitar-te". A mensagem passou para a plateia, tendo os alunos ficado mais sensibilizados para a temática.

Na ocasião, todos os alunos receberam mochilas com a imagem e slogan vencedor do ano passado: "Tens que respeitar se queres namorar!". Trabalho criativo da autoria de Jéssica Fernandes, Marta Silva, Jorge Brito e Guilherme Rocco, da EPRAMI, delegação de Monção.



Case 2.000 votos para escolher os novos proxectos do Orçamento Participativo Transfronteirizo Cerveira-Tomiño

Grande éxito de participación nas votacións para escolher as tres actividades que Tomiño e Cerveira realizarán de xeito conxunto durante 2018 ao abeiro da segunda edición do Orçamento Participativo Transfronteirizo, unha iniciativa pioneira na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal incluída na Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Amizade Tomiño-Cerveira, proxecto cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER da Unión Europea.

Os proxectos en cifras

Xa por áreas, en Educación e Cultura a iniciativa para promover actividades artísticas dirixidas á poboación escolar de Vila Nova de Cerveira e Tomiño, da Escola Superior Gallaecia e

a Mesa de Anpas dos centros educativos de Tomiño, acadou un total de 496 votos. Outro dos proxectos máis votados desta categoría foi a iniciativa 'Sabores de Aldeia e Sons das Treboadas Transfronteirizas', promovida pola Asociación Cultural e Recreativa Bombos S. Tiago de Sopo e a Asociación Treboada Baixo Miño, con 460 votos. O intercambio musical transfronteirizo proposto pola Academia de Música Fernandes Fao e a Agrupación Musical de Goián obtivo 23 apoios e as Xornadas de accesibilidade para todos, da Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade, a Escola Superior Gallaecia e ACAPO obtivo 10.

No ámbito deportivo e de lecer presentáronse dúas iniciativas: Deporte Náutico para todos, de Vontade e a Associa-

ção Desportiva e Cultural da Juventude de Cerveira, que obteve 447 votos, e BTT&Trail Running en Cerveira e Goián, promovida por Gilberto Fagundes e Isaac da Cuña, que rematou cun total de 193 votos.

Xa na área de Territorio e Medio Ambiente, os e as votantes puideron optar polo proxecto para crear unha App de turismo accesible, promovida pola Escola Superior Gallaecia, Acapo e Vontade, que conseguiu 228 votos, ou pola iniciativa 'Felices nas compras', da Unión de Consumidores de Galicia e da Associação Portuguesa para a Defesa do Consumidor, que acadou 51 apoios.

Éxito de participación

Pecháronse así dous meses de votacións cun grande éxito de participación nos que se recolleron un total de 1.908

votos, o 53,66% de Tomiño e o 46,33% de Cerveira, unha cifra que multiplica case por dez a participación do ano anterior. Estes votos foron emitidos por un total de 1.302 persoas, dos que o 57,98% foron cerveirenses e o 42,01% tomiñeses e tomiñesas. Cada votante podía entrar na web do proxecto para dar o seu apoio ata a tres iniciativas das oito presentadas, unha por cada ámbito de desenvolvemento: Educación e Cultura, Deporte e Lecer e Territorio e Medio Ambiente.

A participación nesta ocasión supón un gran cambio con respecto á primeira edición do OPT, que contou cunha participación simbólica de 200 votos procedentes de 91 votantes. Este aumento de participación vese reflexado en cada unha das áreas nas que se dividen

as actividades propostas nestas eleccións. Así, se o ano pasado sumaban un total de 124 votos entre as categorías de Educación e Cultura, nesta edición aglutináronse ambas áreas nunha soa e recadaron un total de 989 votos. Fronte aos 74 votos da categoría de Acción social da primeira edición, este ano houbo 640 votos totais en Deporte e Lecer e 279 en Territorio e Medio Ambiente.

Tras a validación técnica dos votos realizada onte se coñecerán os proxectos elixidos nos próximos días. Cada un dos votos emitidos pasou unha validación técnica na que se cruzou a información persoal do rexistro cos datos do censo electoral das dúas localidades, co fin de que o proceso sexa o máis transparente e seguro posible.

Redacción

O deporte tomiñés amosa o seu bo nivel

As e os deportistas tomiñeses seguen a demostrar o bo nivel co que comezaron esta tempada en distintas disciplinas tras unha fin de semana, do 17 e 18 de febreiro, na que colleitaron numerosos éxitos tanto en judo como en atletismo e bádminton.

Gran papel desempeñado polos judokas tomiñeses tanto a nivel galego como nacional. Así, na categoría junior, Brais Pereira converteuse en campión galego, acadou o terceiro posto no sector nacional e participará na Liga nacional, mentres que Elena Cañibano converteuse en subcampiona galega e obtivo a clasificación directa para o campionato de España ao quedar en segunda posición no ranking nacional. Pola súa banda, Adrián Romero, que acaba de subir a categoría junior, conseguiu un meritorio quinto posto no campionato galego e foi seleccionado para participar no sector nacional, onde quedou tamén en quinta posición, nesta ocasión por diante do campión e do subcampión galegos. Ademais, a judoka Yohanna da Cuña, aínda cadete, quedou subcampiona galega junior, quinta no sector nacional e viaxará a Fueniguirola para participar na Copa de Europa Cadete.

En bádminton, o xogador tomiñés Hugo Domínguez desempeñou un gran papel no TTR Sub15 disputado este fin de semana en Oviedo, onde acadou un fantástico segundo posto. Tamén o seu irmán, David Do-



mínguez, fixo un moi bo torneo na categoría Sub11, representando un meritorio papel na primeira fase.

Xa en atletismo, o Club Trega continúa colleitando éxitos. Aínda que nesta ocasión o equipo quedou coa mel nos labios tras rozar o podio no Campionato de Galicia Escolar de Campo a Través de Xogade, disputado na Pobra do Caramiñal, Álex Sierpe volve a casa con medalla. Ao corredor tomiñés escapóuselle o ouro no último momento na categoría de alevines e quedaba segundo clasificado, proclamándose subcampión galego nun disputadísimo sprint e perdendo o liderado xusto na liña de meta a centésimas do pri-

meiro clasificado. O seu irmán, Christian Sierpes, acadou un quinto posto. Na categoría alevín o Club de Atletismo Trega completaba a súa participación con Óscar Eiras (45ª posición), Marco Martínez (47ª) e Sergio Morais (56ª), sumando 69 puntos e terminando a tan soamente dous puntos da prata e do bronce por equipos, nas que houbo empate técnico.

Ademais, quinto e sexto posto para Carmen Magallanes e Elisa Morgado na categoría alevín feminina e tamén quinto posto para Marcela Rodríguez en infantil feminino, co que o Trega remata practicamente a tempada invernal cun gran papel nas competicións de campo a través.

Alumnos do IES Antón Alonso Ríos amplían coñecementos medioambientais en Santiago

O alumnado do ciclo medio de Aproveitamento e conservación do medio natural do IES Antón Alonso Ríos continúa coa súa formación máis alá de Tomiño. Os e as estudantes tiveron a oportunidade de acudir ao Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago de Compostela para poder participar nun curso especializado no que aprenderon o manexo de distintas ferramentas. Este centro, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, é o único en Galicia que dispón dun simulador virtual

de procesadora e autocargador forestal.

Os e as estudantes que están a cursar este ciclo medio no IES Antón Alonso Ríos sóamente pode realizar prácticas con motosierra e con tractor. Por este motivo, este curso resultoulles moi beneficioso xa que, ao longo de dous días, puideron adquirir formación práctica co simulador de colleitadora e co manexo de autocargador e de procesadora forestal e así ampliar as súas oportunidades de traballo no sector forestal, que demanda cada vez máis a profesionais especializados neste ámbito.



Premios Deporte Tudense 2017

Os padeeiros Manu Garrido, Óscar Graña e Ramón Ferro do club Kaiak Tudense recibiron onte o Premio Deporte Tudense 2017 na categoría masculina, tras proclamarse subcampións do Mundo de Maratón, e medalla de bronce no Europeo en c1 no caso de Manu Garrido e en c2 no de Ramón Ferro e Óscar Graña. O premio na categoría feminina foi concedido ao equipo de Kaiak Polo do Club de Piragüismo Penedo Te Importa de Caldelas que o ano pasado lograron o título de campioas galegas e subcampioas de España.



A exposición “Auga, sangue da terra” chega a Ribadavia

O Concello de Ribadavia asinou un convenio con Abanca e Afundación grazas ao cal acollerá a mostra fotográfica “Auga, o sangue da terra”, de Manuel Valcárcel. Esta colaboración é parte do proxecto Corrente Cultural, que considera a arte como un instrumento imprescindible para fomentar o coñecemento e o desenvolvemento colectivo. Grazas a este proxecto, Afundación, a obra social de Abanca, impulsa a capilaridade da cultura en Galicia, ampliando a oferta artística alén das súas sedes e trasladándoa ás vilas galegas para desenvolver tamén nelas as actividades da entidade.

O alcalde, Ignacio Gómez Pérez; o coordinador de Negocio Institucional en Ourense e Lugo de Abanca, Alberto López Sánchez; e a coordinadora institucional para Ourense e Lugo de Afundación, Beatriz Fernández-Anguiano, ratificaron, mediante rúbrica, a colaboración das entidades. “Auga, o sangue da terra”, de entrada libre e gratuíta, poderase visitar do 1 ao 31 de marzo na igrexa da Madalena de Ribadavia.

A exposición

“Auga, o sangue da terra” realiza un percorrido pola re-



Sinatura do convenio no consistorio de Ribadavia.

lación do ser humano coa auga mediante fotografías dos cinco continentes. Lugares tan remotos como Nova Celandia, India, China, Níxer, o deserto de Atacama ou a conca do lucense río Lor foron fotografados por Manuel Valcárcel e recollidos neste proxecto expositivo que ten como obxectivo valorar a auga como elemento vital e amosar como inflúe a presenza ou ausencia de auga nas culturas, nas paisaxes e nos ecosistemas.

As imaxes están distribuídas en tres bloques. O primeiro, “Os estados da auga”, recolle fotografías tomadas en Nova Celandia e Galicia, co río Lor como protagonista, que plasman o paso da auga en estado sólido ao líquido e, ao mesmo tempo, os engarces entre a montaña e o mar.

“A auga e a vida” conforma

o segundo bloque con imaxes de dous lugares do continente asiático. Un deles é Varanasi, na India, por onde pasa o río Ganges, que forma parte da vida espiritual dos hindús e é destino sacro de peregrinación. O segundo lugar é Longshen Guilin, na China, onde o manexo da auga por parte do ser humano determinou a paisaxe. As ladeiras reconstruíronse con terrazas nas que se cultiva o arroz.

“Vivindo na escaseza” é o último bloque que trata sobre a escaseza e ausencia de auga. Inclúe imaxes de Malí e os seus pescadores bozo, quen, aproveitando a época seca, recollen todo o peixe que poden no río Níxer para despois vendelo. A escaseza de auga tamén se ilustra con imaxes do deserto de Atacama, onde a seca deu lugar a unha paisaxe lunar.

Estudantes de Ribadavia realizan prácticas de poda en Sober

O Concello de Sober recibiu a visita de 26 alumnos e alumnas e 4 mestres do IES O Ribeiro, de Ribadavia, que, por segundo ano consecutivo, realizaron prácticas de poda na viña experimental que o Concello ten nos Chancís, subzona de Amandi.

En concreto, os rapaces e rapazas levaron a cabo labores propios da poda de inverno, nomeadamente poda a cotón ou pulgar nos sistemas de formación en vaso e cordón. O alumnado volverá a Sober no mes de maio para facer prácticas en enxertos.

Tamén gardaron varas podadas para volver no mes de maio e poder enxertalas nos bravos dos socalcos. Farán enxertos de herbácea leñosa e verde-verde.

Os alumnos forman parte do ciclo medio de aceites de oliva e viños e do ciclo superior de vitivinicultura, todos eles do módulo de viticultura do

IES de Ribadavia.

Acordo

O goberno local do Concello de Sober alcanzou un acordo de colaboración co IES O Ribeiro o pasado ano para que os alumnos e alumnas poidan desenvolver as súas prácticas relacionadas coa viticultura na viña experimental dos Chancís, de propiedade municipal.

Os alumnos e alumnas que traballan na viña experimental dos Chancís, acondicionada por un obradoiro municipal, ocúpanse das tarefas máis técnicas. A partir de agora e ata o mes de maio será a auxiliar de viticultura coa que conta o Concello a que fará os tratamentos fitosanitarios correspondentes e as labores de mantemento. En maio volverán a Sober para seguir coas súas prácticas e facer os enxertos.

Na subzona de Chantada, alumnos e profesores visitaron a cooperativa Oreta Xira e a adega Vía Romana.



Profesores e alumnos na adega Vía Romana de Chantada.

Xornal galaico-portugués busca xornalista e comercial para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com